



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de operario/a electricista incluída na OEP 2022

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 168/2025, de data 21.02.2025, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OPERARIO/A ELECTRICISTA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Expediente: 2024/E001/000026; 2025/G003/000053; 2025/G003/000177

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1406/2024 do 30.10.2024, rectificada pola Resolución da Alcaldía núm. 1437/2024, do 06.11.2024 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de operario/a electricista incluída na OEP 2022, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 219, do 13.11.2024); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA núm. 243, do 18.12.2024) e no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 313, do 28.12.2024). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 17.01.2025, incluído.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 70/2025 do 28.01.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e outorgouse un prazo de dez días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 19.02.2025.

Consta no expediente informe de rexistro de data 20.02.2025 no que refire que durante o período comprendido entre o 06.02.2025 e o 19.02.2025 non figura rexistrado ningún escrito de alegacións á lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Visto o que antecede e consonte ao disposto na base cuarta das bases reguladoras do proceso de selección e as competencias da Alcaldía establecidas no artigo 21.1.h) da LBRL, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

Persoas aspirantes admitidas: Non constan

Persoas aspirantes excluídas: Non constan

SEGUNDO.- Declarar deserto o proceso de selección para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de operario/a electricista, ao non recibir ningunha solicitude de participación no mesmo, dentro do prazo establecido ao efecto.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

CUARTO.- Dar traslado desta resolución ao departamento de Persoal e á Xunta de Persoal, para coñecemento e efectos oportunos.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 24.02.2025 polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey

2025/1280